

A CORUÑA

## A Deputación da Coruña celebra o Día de Europa con actividades nos concellos para achegar os valores e políticas da UE a toda a cidadanía

POR REDACCIÓN A CORUÑA | PUBLICADO 08/05/2024

 COMPARTIR [f](#) [X](#) [WhatsApp](#) [in](#) [Link](#)

Celebra con EUROPE DIRECT A Coruña o **#DíaDeEuropa**

**MAIO**

- 9 Iluminación: A Deputación vístese de azul
- 9 Entrega de premios: Embaixadorxs Destino Europa
- 9 Entrega de premios: Concurso Cidadanía Europea en Galicia
- 9 Experiencia Europa
- 7-15 Espectáculo 'A Maxia de Europa'
- 7-10 Contacontos 'Coñece Europa con Kalopsia'

EUROPE DIRECT A Coruña | Deputación DA CORUÑA

**A mostra dixital 'Experiencia Europa', o contacontos 'Coñece Europa con Kalopsia' e 'A Maxia de Europa' son algunhas das actividades que percorren a provincia este mes de maio**

COMPARTIR



EUROPE DIRECT A Coruña celebra o Día de Europa con varias actividades programadas para o 9 de maio para difundir o coñecemento da Unión Europea entre a cidadanía da provincia. Para acompañar esta celebración, o Pazo Provincial da Deputación da Coruña iluminarase de azul dende a media noite do 9 de maio.

O centro de información oficial da Comisión Europea pertencente á Deputación da Coruña convida a descubrir os valores e as oportunidades de Europa co espectáculo **'A Maxia de Europa'**, unha actividade que levará durante o mes de maio os valores, símbolos e oportunidades da Unión Europea a seis concellos da provincia adheridos á rede Europa no teu Concello. O espectáculo itinerante **'A Maxia de Europa'** percorrerá **Rianxo, Carral, Vedra, A Laracha, Pontedeume e Narón entre o 7 e o 15 de maio.**

O contacontos **'Coñece Europa con Kalopsia'** é outra das actividades que chegará á rede Europa no teu Concello durante a semana de Europa. Esta sesión de narración oral explica ao público infantil dunha maneira sinxela e entretida o funcionamento e valores da UE. Na semana de Europa visitará os Concellos de Padrón, Dumbria e Lousame.

Tamén continúa a súa itinerancia pola provincia **'Experiencia Europa'**, unha mostra interactiva que ten como obxectivo facer partícipe a toda a cidadanía da relevancia da transición dixital en Europa. Os visitantes aprenderán, utilizando modernos dispositivos multimedia, como funciona a Unión

Europea e como inflúe na súa vida diaria. A exposición pódese visitar na Casa da Cultura do Concello Porto do Son ata o 13 de maio e, a partir desa data, na Casa da **Cultura do Concello de Negreira**.

#### Entrega de premios Cidadanía Europea en Galicia e Embaixadorxs Destino Europa

Na mañá do 9 de maio, o Pazo Provincial acollerá as entregas de premios dos dous concursos que EUROPE DIRECT A Coruña organizou cara o Día de Europa. Os premios da undécima edición do concurso de fotografía **Cidadanía Europea en Galicia**, que este ano tiña por lema 'Europa cerca de ti', entregaránse ás 9 horas.

Nesta edición acadou o primeiro premio Andoni Urresti coa súa fotografía «Cúpula de Estrellas: Un susurro de unidad», unha imaxe tomada na antiga cisterna do castelo de Liubliana e pola que recibirá unha cámara de fotos. En segundo lugar, quedou a fotografía «Arte e movemento», de Malena Casal, que simboliza a liberdade de circulación das persoas en Europa. Recibirá un tablet como premio.

No segundo acto do día, que comezará ás 13.00 horas, EUROPE DIRECT A Coruña fará entrega dos bonos de interrail que gañaron os e as participantes na campaña **Embaixadorxs Destino Europa**, unha iniciativa do centro para difundir as oportunidades europeas para a mocidade en redes sociais.

Os membros do ClubUE (Alberto López, Tania Aguiar, Laura López, Lara de la Iglesia, Sara Figueroa, Marcos Hernández, Teresa Maroño e Natalia Fraga) compartiron 160 publicacións e historias durante tres semanas dende as súas contas de Instagram para difundir os programas e iniciativas da Unión Europea para a mocidade. Os participantes que cumpriron cos requisitos do concurso recibirán o Día de Europa un Interrail Global Pass que permite viaxar en tren por Europa.

EUROPE DIRECT A Coruña é un centro de información oficial da Comisión Europea que pertence á Deputación da Coruña. A misión do centro, que iniciou a súa traxectoria no ano 1996, é traballar coa cidadanía, os medios de comunicación e as entidades locais cos obxectivos de implicar á poboación en temas europeos, así como proporcionar contidos sobre as políticas e as prioridades da UE. Tamén axudar á Comisión Europea a adquirir unha visión xeral das sensibilidades locais relacionadas coas súas políticas e promover a cidadanía europea activa nas escolas.

ETIQUETAS [concellos](#), [deputacion a coruña](#), [europa](#)

Comparte este artículo

FACEBOOK

TWITTER

WHATSAPP

LINKEDIN

TELEGRAM

LINK



ESCRIBE TU COMENTARIO

## Noticias relacionadas



A CORUÑA SADA

Los Empresarios de Hostelería de Sada preocupados por la oleada de robos en sus establecimientos



A CORUÑA PONTECESO

El próximo 2 de junio, en Ponteceso, se celebra una macro fiesta para recaudar fondos para la Asociación «Mi Princesa RETT»



A CORUÑA A LARACHA

Os próximos días comezarán as obras da estrada DP-1913 entre Caión e O Outeiro



A CORUÑA BOIRO

Retiran un poste de telefonía que presentaba risco de caída na aldea de Pesqueira, na parroquia de Castro, do Concello de Boiro



CARGAR MAS



